

» Galicia na Idade Media. A cantiga de amigo

A Galicia medieval

A sociedade galega na Idade Media era unha **sociedade feudal**: estaba formada por unha maioría de labregos que vivían no rural (ao redor do 90% da poboación), polos artesáns e comerciantes que vivían nas vilas, polos nobres (grupo reducido que tiña poder político real e riqueza de terras), e polo rei, máxima autoridade, aínda que con poder máis teórico ca real.

Nesta situación social, superados os temores do ano mil e minguadas as invasións dos pobos do norte, Galicia, como o resto da Europa occidental cristiá, coñeceu unha etapa histórica de gran **desenvolvemento**, que alcanzaría as maiores cotas durante os **séculos XII e XIII**.

As melloras maniféstanse en diversos eidos:

- Na **agricultura**: ampliáanse os espazos cultivados, especialízase e diversifícase a produción e aparecen mellores apeiros agrícolas para traballar a terra.
- No **comercio**: sobre todo centrado no artesanado e no comercio terrestre e marítimo a longa distancia.
- No asentamento da **poboación**: aparecen novos núcleos urbanos e consolídanse a cidade e a vila como núcleo vertebrador do territorio, e a parroquia como marco de referencia básico para identificar persoas e posesións.
- No crecemento da poboación **rural e urbana**. Esta última dedicada ao artesanado, ao comercio e aos servizos para os nobres.
- Na consolidación de **Compostela** como cidade máis importante de Galicia, ao se converter nun dos máis destacados focos culturais europeos, ao ser punto de peregrinaxe dos reinos cristiáns occidentais, grazas ao ben facer dunha personalidade principal na época, o arcebispo de Santiago, Diego Xelmírez.
- No **ámbito político**, Galicia, que dende o século VIII constituía unha unidade política cos reinos de León e Asturias, gozou de certa autonomía que lle permitiu configurarse como reino independente nalgúns momentos dos séculos XI e XII.

Neste contexto explícase que aparecese neste momento histórico unha extraordinaria cultura literaria e artística, que acadou unha dimensión universal.

Por unha parte, a chamada **arte románica** tivo durante os séculos XI a XIII o seu esplendor, como o testemuñan as catedrais de Santiago, Lugo, Tui, Ourense e Mondoñedo, así como mosteiros e numerosas igrexas dispersas por todo o país.

Pola outra, a **nivel literario**, sobrancean os dous milleiros de composicións poéticas que compoñen a lírica galego-portuguesa, que converteron a lingua galego-portuguesa no principal vehículo de expresión literaria do occidente peninsular.

Esta produción literaria abrangueu varios estilos e tipoloxías (textos líricos, narrativos etc.) e foi a máis importante manifestación literaria da Idade Media na Península Ibérica.



A literatura medieval

Na literatura medieval, aínda que tamén houbo textos narrativos, foron máis abundantes as producións poéticas, as chamadas **cantigas**, coas que se acadaron altas cotas de perfección artística.

En Galicia existía unha rica tradición de literatura popular relacionada coas colleitas, a chegada da primavera etc., que, mesturada coa lírica provenzal ou occitana (escrita en lingua romance no sur de Francia e chegada aquí a través do camiño de Santiago), deu lugar ao nacemento da lírica galego-portuguesa medieval.

Así pois, chámase **lírica medieval** a un conxunto de composicións poéticas (ao redor de 1.680 textos profanos e 420 relixiosos) escritas en lingua galego-portuguesa ao longo de máis de 150 anos, dende finais do século XII a mediados do século XIV.

Considérase que a cantiga máis antiga é «Ora faz host'o senhor de Navarra», de João Soárez de Pavia.

A perfección desta cantiga fai supor que non puido xurdir da nada e que deberon existir moitas cantigas anteriores de carácter exclusivamente oral, até que se comezaron a fixar por escrito e se transcribiron por medio de copias. Estas coleccións de manuscritos chamáronse **cancioneiros**.

Os cancioneiros

Todos estes textos chegaron a nós a través dos cancioneiros, follas compiladas e escritas á man por copistas, e moitos deles ilustrados.

Consérvanse tres, que pertencen a épocas diferentes:

- **Cancioneiro da Ajuda:** consérvase en Lisboa e está datado a finais do século XIII ou comezos do XIV. Conserva 310 cantigas, case todas de amor.
- **Cancioneiro da Biblioteca Nacional:** tamén se conserva en Lisboa, aínda que foi copiado en Italia no século XVI sobre un orixinal anterior, hoxe desaparecido. É o máis completo, posto que posúe 1.700 pezas de todos os xéneros.
- **Cancioneiro da Vaticana:** consérvase na biblioteca do Vaticano, onde foi encontrado. Como o anterior, é unha copia do século XVI sobre un orixinal anterior desaparecido. Reúne unhas 1.200 composicións de todos os xéneros.

Dispoñemos doutros manuscritos menores que recolleron a lírica galego-portuguesa, como o *Pergamiño Vindel*, que contén as sete cantigas de Martin Codax, seis das cales aparecen acompañadas pola transcripción musical. O mesmo acontece co *Pergamiño Sharrer*, que contén a letra e a música das cantigas de D. Denis de Portugal.



A existencia desta culta e rica literatura redescubriuse a comezos do século XX, cando foron encontrados estes cancioneiros, o que provocou grande impacto nos círculos intelectuais, porque significaba que unha lingua naqueles anos marxinada tivera unha cultura totalmente desenvolvida nunha época moi antiga.

Autores e intérpretes

As cantigas naceron para ocupar o tempo de lecer da nobreza e dos reis. Formaban parte dun espectáculo no que se cantaba e bailaba, co cal a súa interpretación estaba acompañada con diversos instrumentos musicais e incluso con bailes e danzas.

Na súa produción e interpretación participaban diferentes figuras que, segundo a súa categoría social, tiñan diferente función:

- **Trobador:** trátase dun membro da nobreza que no seu tempo de lecer compoñía as cantigas. Ás veces tamén as interpretaba.
- **Segrel:** pertencían á pequena nobreza, á fidalguía, e interpretaban as súas propias composicións.
- **Xograr:** estaba na escala máis baixa dos tres e era única e exclusivamente o intérprete en prazas e castelos das cantigas que compoñían os trovadores, moitas veces acompañado dalgún instrumento musical. Algúns tamén acabaron escribindo poemas, polo que foron ridiculizados polos trovadores.
- **Menestrel:** ocupábase da parte musical.
- **Soldadeira:** eran mulleres que participaban no espectáculo acompañando os xogres con cantos e bailes. A máis citada nas cantigas foi María Balteira.

» A cantiga de amigo

Os cancioneros

As cantigas de amigo son breves composicións en que unha voz feminina, moza solteira e namorada, se dirixe ao seu amado, normalmente ausente, que aparece sempre citado como **amigo**, de aí o nome do xénero. Así mesmo, en moitas cantigas a moza diríxese á nai, á unha irmá, a unha amiga, ou a elementos da natureza (ondas do mar, follas dos piñeiros...) para contarlles o seu sentimento amoroso.

É o xénero máis representativo da lírica galego-portuguesa e a crítica considérao o máis perfecto e elaborado.

Orixe

Para a maioría dos estudosos as cantigas de amigo eran reelaboracións cultas dunha **poesía popular autóctona**, común a outros poemas de autoría feminina das zonas de lingua romance, das que o exemplo peninsular serían as «kharxas» mozárabes.

Pódese dicir que as cantigas de amigo, tal e como chegaron a nós, son superviventes modernizadas da primitiva escola lírica galego-portuguesa, que, tras seren estilizadas, refinadas e de-puradas polos trovadores, se converteron nun produto artístico de primeira orde.

Tema

O tema central destas cantigas é o **amor dunha muller polo seu amigo**, normalmente ausente. Cómpre destacar que aínda que a voz sexa feminina o autor da cantiga é sempre un trovador, que finxe ser unha muller.

A LÍRICA MEDIEVAL

A lírica profana

- **Temática amorosa:** cantigas de amigo e cantigas de amor.
- **Temática satírica ou burlesca:** cantigas de escarnio e maldicir.
- **Xéneros menores:** pranto, tenzón e pastorela.

Lírica relixiosa

- **Cantigas de Santa María:** dirixidas á Virxe e escritas por Afonso X o Sabio.

Unle...

VALORES SIMBÓLICOS

Cervos	Simbolizan o namorado.
Augas	Simbolizan a moza e a virxindade.
Fontes	Lugar de encontro entre os namorados.
Mar	Símbolo da paixón amorosa.
Vento	Símbolo da masculinidade.

Recursos formais

As cantigas de amigo tiñan como finalidade seren cantadas, por iso a súa principal característica formal é o emprego de **técnicas repetitivas**, que servían para estruturar o texto e facilitar a memorización e comprensión. Ademais, esta estrutura permitía fixar un ritmo marcado para a súa declamación.

Entre os recursos repetitivos máis habituais cómpre salientar os seguintes:

- **Paralelismo:** é un recurso expresivo baseado na repetición de versos, ideas ou construcións sintácticas con leves variacións.
- **Leixaprén:** é un recurso propio das cantigas de amigo galego-portuguesas que relaciona cada parella de estrofas coa parella seguinte.
Consiste na repetición dos segundos versos do primeiro par de estrofas como primeiros versos do par seguinte, e os segundos deste como primeiros do seguinte, e así sucesivamente.
- **Refrán:** é un verso que se repite ao final de cada unha das estrofas.

Tipos de cantigas de amigo

Atendendo aos aspectos temáticos e ambientais, estas cantigas presentan os seguintes subxéneros:

- **Bailadas:** unha rapaza expresa a alegría que lle produce o namoramento e convida as compañeiras a bailar.
- **Barcarolas ou mariñas:** presentan o mar como elemento común (ambiental, de diálogo da rapaza coas ondas do mar etc.).
- **Cantigas de romaría:** desenvólvense ao pé dunha ermida un día de romaría cando se produce, ou se desexa, o encontro entre a rapaza e o amigo.
- **Albas ou alboradas:** están localizadas nesa hora do amencer cando os amantes deben interromper o encontro amoroso.

Vaíamos irmana, vaíamos dormir,
nas ribas do lago, u eu andar vi
a las aves meu amigo.

Vaíamos irmana, vaíamos folgar
nas ribas do lago, u eu vi andar
a las aves meu amigo.

Nas ribas do lago, u eu andar vi,
seu arco na máao as aves ferir,
a las aves meu amigo.

Nas ribas do lago, u eu vi andar,
seu arco na máao a las aves tirar,
a las aves meu amigo.

Seu arco na máao as aves ferir,
e las que cantavan leixa-las guarir,
a las aves meu amigo.

Seu arco na máao a las aves tirar,
e las que cantavan non as quer matar,
a las aves meu amigo.

Fernando Esquio

LEIXAPRÉN

V. 2
V. 3
V. 4
V. 5
V. 6
V. 7
V. 8
V. 9
V. 10
V. 11
V. 12
V. 13
V. 14
V. 15
V. 16
V. 17
V. 18
V. 19
V. 20
V. 21
V. 22
V. 23
V. 24
V. 25
V. 26
V. 27
V. 28
V. 29
V. 30
V. 31
V. 32
V. 33
V. 34
V. 35
V. 36
V. 37
V. 38
V. 39
V. 40
V. 41
V. 42
V. 43
V. 44
V. 45
V. 46
V. 47
V. 48
V. 49
V. 50
V. 51
V. 52
V. 53
V. 54
V. 55
V. 56
V. 57
V. 58
V. 59
V. 60
V. 61
V. 62
V. 63
V. 64
V. 65
V. 66
V. 67
V. 68
V. 69
V. 70
V. 71
V. 72
V. 73
V. 74
V. 75
V. 76
V. 77
V. 78
V. 79
V. 80
V. 81
V. 82
V. 83
V. 84
V. 85
V. 86
V. 87
V. 88
V. 89
V. 90
V. 91
V. 92
V. 93
V. 94
V. 95
V. 96
V. 97
V. 98
V. 99
V. 100



1. Que significa que a repetición é o principio estruturador das cantigas de amigo?
2. Que relación ves entre as cantigas de amigo e a música actual no que se refire a elementos de repetición para facilitar a memorización?
3. Nas cantigas de amigo exprésase unha voz feminina, aínda que o autor é un home. Consideras que recollían fielmente os sentimentos das mulleres?
4. Identifica nas cantigas da escolma unha cantiga tipo barcarola e una bailada.
5. Que elemento simbólico identificas na cantiga 2? Que significado ten?
6. Localiza nas cantigas 1 e 3 os seguintes recursos:
 - Paralelismo. Indica os versos.
 - Refrán. Indica os versos.